

ANEXO III Referencia convocatoria: 2026/CP/188

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: ED431G-2023/09			
Título: Axudas para a acreditación, estrutura, mellora e apoio aos centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia, cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2021-2027 (obxectivo específico 1.1: Desenvolver e mellorar as capacidades de investigación e innovación e asimilar Tecnoloxías avanzadas) da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Xunta de Galicia)			
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Servizos xerais de apoio á xestión de I+D+i			
PERÍODO AXUDA:	INICIO: 01/05/2024	FIN: 30/11/2027	
CENTRO Inv. Principal: CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía			
OBXECTO DO CONTRATO: Colaborador/a nas tarefas do proxecto de investigación que se indica (soporte dixital, xestión web, tratamento da información, dixitalización documental....)			
LUGAR E HORARIO: CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía - Luns a venres de 8:00 a 15:00 h			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: 3			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 18 DE XULLO DE 2025 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO PARA TAREFAS DE INVESTIGACIÓN (PCTI))			
Investigador/a contratado/a doutor/a	☐ MECES:	Axudante de apoio á investigación	☒ MECES: 1
Xestor/a de investigación	☐ MECES:	Técnico/a administrativo/a e de xestión	☐ MECES:
Colaborador/a de investigación	☐ MECES:	Axudante administrativo/a	☐ MECES:
Técnico/a de apoio á investigación	☐ MECES:		
XORNADA	Tempo Completo: ☒	Tempo Parcial: ☐	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01/09/2026
TIPO DE CONTRATO:	Indefinido ☐	Duración determinada ☒	DATA FIN CONTRATO: 31/10/2027
RETRIBUCIÓN BRUTAS: 2.052,79 € *brutos/mes			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 0599241022 541A 6490206			

* O pago da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Ciclo formativo de Técnico Superior (FP) familia profesional Informática e Comunicacións ou titulación oficial equivalente relacionada coas tecnoloxías da información e a comunicación.
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben de cumprirse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC (https://sede.udc.gal/services/telematic_register)
Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria .
PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e tres suplentes):
- Titulares: Carlos Platas Iglesias (presidente, CAT-UN), Sonia Martínez Varela (secretaria, PTXAS) e M ^a Isabel González Siso (CAT-UN).
- Suplentes: Jaime Rodríguez González (presidente, CAT-UN), Ana Rey Rico (secretaria, PPL-LOSU) e Armand Hernández Hernández (Investigador Ramón y Cajal, PR-RC).
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Currículum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

* Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao amparo da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	obh3BLc4mybeKFtg+J+05g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Científico/a - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía (CICA) - Carlos Platas Iglesias	Asinado	22/07/2026 15:32:16
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/obh3BLc4mybeKFtg%2BJ%2B05g%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPd (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible existencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña, 22 de xullo de 2026

O INVESTIGADOR PRINCIPAL,

Asdo.: Carlos Platas Iglesias

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

** Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao amparo da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	obh3BLc4mybeKFtg+J+05g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Científico/a - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía (CICA) - Carlos Platas Iglesias	Asinado	22/07/2026 15:32:16
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/obh3BLc4mybeKFtg%2BJ%2B05g%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

O CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía da UDC foi acreditado no ano 2024 como Centro de Investigación do Sistema Universitario de Galicia (SUG), incorporándose á Rede CIGUS da Xunta de Galicia como centro de investigación de excelencia.

O CICA conta na actualidade con 30 grupos de investigación adscritos e estrutura a súa actividade arredor de tres áreas temáticas estratéxicas: Biomedicina (BMed), Alimentación, Contaminación e Saúde (ACeS), e Nanociencia e Materiais Avanzados (NeMA).

A acreditación e pertenza do centro á Rede CIGUS require o fortalecemento continuo das estruturas de apoio á investigación, garantindo unha xestión eficiente dos recursos, a mellora dos procesos internos e a adaptación aos novos requisitos de dixitalización, transparencia e calidade na xestión científica.

Neste contexto, resulta necesario reforzar a estrutura de apoio técnico do centro mediante a incorporación dunha persoa que contribúa ao mantemento da infraestrutura dixital, á xestión dos contidos web, ao tratamento da información e á dixitalización documental. Esta persoa integrárase na Oficina de Xestión do CICA, prestando soporte técnico e dixital ás actividades e equipamento científico do centro, colaborando na organización e actualización da información institucional, na elaboración de indicadores e informes, na administración dos recursos dixitais e no mantemento dos sistemas de información e documentación necesarios para o desenvolvemento da actividade investigadora e de xestión.

A contratación deste perfil contribuirá á modernización dos procesos internos do centro, á mellora da eficiencia administrativa e técnica e ao fortalecemento da súa capacidade de resposta aos requirimentos derivados da actividade científica e da pertenza á Rede CIGUS.

a) As tarefas máis importantes que realizará, entre outras, serán:

- Prestar soporte técnico de primeiro nivel ao equipamento científico-técnico do centro: configuración de equipamentos, periféricos e ferramentas dixitais de uso habitual nos laboratorios.
- Realizar o mantemento ordinario da infraestrutura científico-técnica do centro, incluíndo seguimento da actualización de sistemas operativos dos equipos de laboratorio, aplicacións, copias de seguridade de datos de investigación, inventario de equipamentos e seguimento do seu correcto funcionamento.
- Apoio á xestión da páxina web do centro e doutras plataformas dixitais.
- Colaborar na elaboración, organización e tratamento da información institucional e científico-técnica do centro, mediante a actualización de bases de datos, a depuración de información, a preparación de táboas de seguimento e a xeración de indicadores para informes e memorias relacionadas con CIGUS.
- Apoiar os procesos de dixitalización documental, arquivo electrónico e organización da documentación administrativa e científico-técnica, garantindo a correcta conservación, accesibilidade e trazabilidade da información vinculada á axuda CIGUS.
- Elaborar e manter modelos, formularios, certificados, listados e outros documentos normalizados necesarios para a xestión ordinaria do centro.
- Colaborar na implantación, mantemento e mellora de ferramentas e procedementos de transformación dixital que contribúan á optimización dos procesos de xestión da axuda CIGUS.
- Colaborar na preparación e adaptación de materiais e contidos dixitais, así como na xestión de recursos multimedia e na organización da información publicada nos distintos medios electrónicos do centro.

b) Requisitos e experiencia valorable do/a candidato/a:

- Estar en posesión do título de Técnico Superior de Formación Profesional en Administración de Sistemas Informáticos en Rede (ASIR) ou Desenvolvemento de Aplicacións Web (DAW), Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma (DAM).
- Experiencia en soporte técnico a persoas usuarias, administración básica de sistemas informáticos e mantemento de equipamentos.
- Experiencia na xestión e actualización de contidos web mediante CMS (preferentemente WordPress ou similares).
- Experiencia no tratamento, organización e explotación de información, bases de datos e follas de cálculo.

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Currículum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

* Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao amparo da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	obh3BLc4mybeKFtg+J+05g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Científico/a - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía (CICA) - Carlos Platas Iglesias	Asinado	22/07/2026 15:32:16
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/obh3BLc4mybeKFtg%2BJ%2B05g%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- Experiencia en dixitalización documental, xestión de repositorios electrónicos e ferramentas colaborativas.
- Coñecementos de ofimática avanzada e ferramentas de produtividade dixital (Microsoft 365, Google Workspace ou equivalentes).
- Coñecementos de inglés técnico aplicado ás tecnoloxías da información e ás ferramentas dixitais.

c) Criterios e valoración de méritos (táboa de valoración):

¡IMPORTANTE! O *Curriculum Vitae* deberá presentarse seguindo os mesmos epígrafes que figuran na seguinte táboa, aínda que non será necesario utilizar un formato tabular.

CONCEPTO		PUNTUACIÓN	MÁXIMO
1. Expediente académico	1.1. Expediente académico do título de Técnico Superior de Formación Profesional requirido para o acceso ao posto, valorándose a cualificación media e a afinidade da titulación coas funcións do posto. (De non presentarse certificado coa nota media a valoración será a correspondente a unha nota media de 5).	5 puntos	5 puntos
2. Experiencia profesional	2.1. Experiencia en soporte técnico informático, administración básica de sistemas, mantemento de equipamentos e asistencia a persoas usuarias.	0,5 puntos x mes traballado	10 puntos
	2.2. Experiencia en xestión e mantemento de páxinas web, CMS (WordPress ou similares), publicación de contidos dixitais e administración de plataformas web.	0,5 puntos x mes traballado	10 puntos
	2.3. Experiencia no tratamento de información, xestión de bases de datos, elaboración de indicadores, dixitalización documental e administración electrónica.	0,5 puntos x mes traballado	10 puntos
3. Experiencia profesional específica	3.1. Experiencia en soporte TIC en universidades, centros de investigación, administracións públicas ou entidades de I+D+i.	0,5 puntos x mes traballado	10 puntos
	3.2. Experiencia en transformación dixital, implantación de ferramentas dixitais, administración electrónica, automatización de procesos ou xestión documental electrónica.	0,5 puntos x mes traballado	15 puntos
4. Formación	4.1. Asistencia acreditada a cursos relacionados con administración de sistemas, soporte TIC, xestión web, CMS, tratamento de datos, ciberseguridade, dixitalización documental, administración electrónica, ferramentas colaborativas, intelixencia artificial aplicada á xestión ou materias afíns.	0,5 puntos x 10 horas	10 puntos
	4.2. Certificacións profesionais relacionadas co ámbito das tecnoloxías da información (Microsoft, Cisco, Linux, ITIL, Google, WordPress, ciberseguridade ou equivalentes).	1 punto por certificación	5 puntos
	4.3. Nivel de coñecemento da lingua inglesa segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER): B1: 2 puntos B2: 3,5 puntos Superior: 5 puntos	5 puntos	5 puntos
5. Entrevista persoal	5.1. Entrevista persoal ás persoas candidatas con maior puntuación (ata un máximo de 4 candidatos/as que acaden a puntuación mínima para formar parte da lista de espera).		20 puntos

Listaxe de agarda: establecerase unha listaxe de agarda conformada coa puntuación obtida na valoración de méritos, sen incluír a entrevista. Puntuación mínima: 50 puntos.

NOTAS IMPORTANTES:

- *Presentar o currículo vitae ordenado do mesmo xeito e con idénticas seccións que a táboa de **Criterios e valoración de méritos** (apartado c). Os CV presentados noutro formato distinto ao aquí especificado poderán non ser valorados.*
- *No apartado de experiencia deberá indicarse a duración en meses, para os efectos do seu cómputo, e recoméndase engadir unha certificación/informe das tarefas realizadas.*
- *Na formación é imprescindible indicar o número de horas (en caso de non indicarse non se valorará).*
- *En ningún caso se valorará o mesmo mérito en dous apartados diferentes.*
- *Ademais de presentar a documentación indicada ao pé deste documento, é necesario achegar documentos acreditativos de todos os méritos incluídos no CV. Os méritos non xustificadas documentalmente poderán non ser valorados.*
- *Anexar o certificado acreditativo do nivel de inglés.*
- *No caso de que ningunha candidatura obteña unha puntuación total superior a 65 puntos, o posto podería quedar deserto.*

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

** Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao amparo da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	obh3BLc4mybeKftg+J+05g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Científico/a - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía (CICA) - Carlos Platas Iglesias	Asinado	22/07/2026 15:32:16
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/obh3BLc4mybeKftg%2BJ%2B05g%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

